



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible

Silvicultura de frondosas autóctonas no medio urbano

Experiencia demostrativa das posibilidades da silvicultura de catro especies de frondosas caducifolias autóctonas galegas.

Superficie: 4 ha

Carballo

Nome común
Castelán: Roble común
Inglés: English oak, pedunculate oak
Nome científico
Quercus robur
Orixo xeográfica
Metade norte peninsular.
Oeste, centro e norte europeo
Familia
Fagaceae



Árbore de crecemento lento nos primeiros anos e algo máis rápido e sostido posteriormente. Pode acadar os 30-35 m de altura.

Follas simples, alternas, caedizas, de limbo lobulado e envés glabro.

O froito, a landra, é un akenio de cor castaña inserida nunha cúpula de escamas ovado-triangulares, que ten un pedúnculo longo.

Soporta baixas temperaturas no inverno e as xeadas tardías, chegando ata os 1500-1700 m de altitude.

Madeira empregada para a fabricación de solos, mobles, ventás e barcos. Tamén proporciona leña e carbón vexetal de moi boa calidade.

Silvicultura:

Boa poda natural cando se establece a densidades de plantación elevadas. Recoméndase a realización de rareos aos 30 anos repetíndoos cada 7-10 anos.

Quenda de corta: 100-120 anos.

Cerdeira

Nome común
Castelán: Cerezo
Inglés: Cherry
Nome científico
Prunus avium
Orixo xeográfica
Oeste asiático
Familia
Rosaceae



Árbore de cremento medio que pode acadar os 25-30 m de altura.

Follas simples, alternas, caedizas, agrupadas en fascículos ao final das ramiñas ou dispersas polas pólas, con bordo dobremente aserrado.

Froitos globosos, carnosos e dispostos sobre un longo pedúnculo e polo xeral agrupados de 2 en 2.

Soporta fríos invernales intensos, pero é sensible ás xeadas tardías, o que limita a altitude máxima á que pode chegar (1100-1200 m).

Madeira excepcional, de fácil aserrado e con colorido roxizo, apreciada en ebanistería de luxo, construcións interiores, tornaría e marquetaría.

Silvicultura:

Mala poda natural polo que é recomendable a realización de podas cando se acadan os 6 m de altura, podando 2 m. As claras fortes e intensas favorecen o crecemento en diámetro e o tamaño das copas.

Quenda de corta: 40-60 anos.

Freixo

Nome común
Castelán: Fresno
Inglés: Common ash
Nome científico
Fraxinus excelsior
Orixo xeográfica
Europa e Asia Menor
Familia
Oleaceae



Árbore de crecemento rápido que pode acadar os 30-35 m de altura e os 150-200 anos de vida.

Especie non especialmente sensible ao frío pero si ás xeadas tardías. Aparece dende o nivel do mar ata os 1000 m de altitude.

Follas imparipinnadas, opostas, caedizas, con 9-13 folíolos sentados oblongolanceolados, de bordo finamente aserrado.

Froitos en sámaras lanceoladas colgantes.

Florece de abril a maio.

Madeira de excelente calidade, flexible e utilizada na fabricación de solos, mobles, embarcacións ou en tornaría.

Silvicultura:

Poda natural moi boa cando se establece a elevadas densidades de plantación. Recoméndase a realización de podas de formación, anuais ou cada dous anos, das mellores árbores.

Quenda de corta: 60 anos.

Pradairo

Nome común
Castelán: Arce; arce blanco, falso plátano
Inglés: Maple
Nome científico
Acer pseudoplatanus
Orixo xeográfica
Centro e Sur de Europa, Cáucaso, Armenia e Asia menor
Familia
Sapindaceae



Árbore de crecemento rápido nos primeiros anos, decrecendo na madurez, que pode acadar os 25-30 m de altura.

Follas simples, opostas, caedizas, penta-lobuladas e de bordo dentado.

Froitos en disámaras dispostas en acios colgantes.

Florece de marzo a maio.


Resistencia ao frío e ás xeadas chegando ata os 1300 m de altitude en Galicia.


Madeira branca, fácil de traballar, lixeira, dura e de boa resistencia mecánica. Pode considerarse como de alta calidade.

Silvicultura:

As densidades de plantación elevadas favorecen a súa poda natural. Para obter madeira de calidade recoméndase a realización de tallas de formación e podas ata unha altura de 6 m.

Quenda de corta: 60-80 anos.



 Silvicultura de frondosas autóctonas (Carballo, Cerdeira, Freixo, Pradairo)
 Cultivos enerxéticos (*Miscanthus*, *Populus*)

Carballo



Cerdeira



Freixo



Pradairo



lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Impulsado por:



Financiado por:



Socios:

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE